

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	BARALLA
Edificio	Igrexa de San Xoán de Arroxó
Dirección	Lugar de Arroxó, 10. 27687
	42.904088 -7.250671
Protección	
Descrición	<p>Igrexa dunha soa nave, cuberta a dúas augas sobre madeira con tres vigas tirantes. Frontal con porta de arco rebaixado, con espadana de tres ocos (para tres campás, dúas semellantes e unha máis pequena), baixo a que está un reloxo, característica distintiva do resto de igrexas parroquiais do concello, xa que o feito de posuír reloxo a diferencia notablemente (feito que incidira mesmo na creación dunha copla alusiva ó reloxo), e a asemella, por exemplo, á de Penarrubia.</p> <p>Presbiterio máis elevado e máis saínte no lateral norte, con arco triunfal de medio punto e teito de barrotes a catro planos, que recibe luz por dous ventanos en forma de óculo. Conta cun retablo maior e dous laterais. O primeiro deles é de época neoclásica, con imaxes de escaiola. Os dous restantes, do santo Cristo o da esquerda e da Virxe, neogótico o da dereita, con dúas tallas do XVIII, Santa Lucía e San Xosé.</p> <p>Na sancristía, no lateral sur, baixa e a unha auga, hai dúas tallas policromadas do XVI, san Xoán e san Roque.</p>
Campás	3 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	30-05-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	DÍEZ SANTAMARÍA, MOISÉS	19??	45	53
Espadana	Mediana	BLANCO LEMOS, ANTONIO	19??	60	125
Espadana	Maior	DE LA SOTA LÓPEZ, JUAN MARÍA	1900	65	159

Información completa: [Igrexa de San Xoán de Arroxo - BARALLA \(GALICIA\)](#)

PDF (25-06-2026)